

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúne con carácter extraordinario no Pazo provincial ás 12:25 h do día 06 de setembro de 2024, baixo a presidencia de, **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, D.ª BELÉN CACHAFEIRO ANTA, D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D.ª MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D.ª ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ** en substitución de **D. CARLOS GÓMEZ PRADO, D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ, D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e **D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 19 de xullo de 2024.

2.- Dar conta das bases para a concesión de axudas ás escolas de música dependentes de asociacións sen fins de lucro para o ano 2024 (Expte. 2024010400)

No BOPPO núm. 153, de 7 de agosto de 2024, publicáronse as bases que recollen o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas a escolas de música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2024, que estean inscritas no Rexistro de Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.

Convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 24/330.3260.489.09, por un importe total de 100.000,00 euros. O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte á súa publicación no BOPPO e BDNS e remata o 30 de setembro do presente ano. O prazo para a presentación das xustificacións remata o 31 de xaneiro de 2025.

3.- Dar conta da publicación do catálogo de espectáculos +ESCÉNICAS da provincia de Pontevedra (Expte. 2024040737)

Por Resolución Presidencial núm. 2024006759, de 19 de agosto, aprobouse a publicación da relación de espectáculos incluídos e excluídos no catálogo +Escénicas da provincia de Pontevedra, accesible con CSV: JoUA3599RV56OSE3, e ordenouse a súa publicación na páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal).



Das trescentas dúas solicitudes presentadas, admitíronse e están incluídos no catálogo un total de douscentos oitenta e seis espectáculos, vinte e oito da categoría de +Danza e douscentos cincuenta e oito de +Teatro.

4.- Dar conta das bases reguladoras e convocatoria dunha residencia internacional de investigación artística ou curatorial do Museo de Pontevedra en colaboración coa Academia de Arte e Deseño de Basilea FHNW (Expte. 2024047674)

No BOPPO núm. 140, de 18 de xullo de 2024, saíron publicadas as bases que regulan o procedemento polo que se rexen as solicitudes de participación na convocatoria dunha residencia internacional de investigación artística ou curatorial do Museo de Pontevedra en colaboración coa Academia de Arte e Deseño de Basilea FHNW e que ten por finalidade apoiar o desenvolvemento e a produción de proxectos artísticos, fomentar a cultura e implicar directamente a comunidade artística para contribuír ao desenvolvemento do patrimonio cultural e da arte contemporánea na provincia de Pontevedra, así como promover a investigación, a innovación e a concienciación arredor da cultura e da dinamización cultural.

A residencia terá unha duración de máximo tres meses, a desenvolver entre o 1 de setembro e o 30 de novembro de 2024. A Deputación asumirá os gastos de desprazamento, para os que se estima un importe aproximado de 1.300,00 euros e unha axuda económica de 3.127,65 euros, o que suma un total de 4.427,65 euros, impostos incluídos, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 24/333.3330.481.02.

O prazo de presentación de solicitudes foi de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Das cinco solicitudes recibidas, a Comisión Seleccionadora, logo de aplicar os criterios de valoración recollidos nas bases, decidiu seleccionar a Andrea Davila Rubio (Pontevedra) como persoa beneficiaria de dita residencia, que realizará a estancia no Atelier Mondial de Suíza, en Basilea.

5.- Dar conta da concesión de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024 (Expte: 2024002459)

No BOPPO núm. 155, de 9 de agosto de 2024, publicáronse as subvencións para edicións concedidas, en concorrencia competitiva, polo servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024 e cuxa convocatoria saíu publicada no BOPPO núm. 40 de 26/02/2024. O importe total é de 90.000,00 euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 24/332.3322.789.00, e que se repartiron entre vinte e oito entidades que presentaron solicitude e cumpriron en tempo e forma coas condicións recollidas nas bases.

6.- Dar conta da concesión de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do Patrimonio Marítimo-Fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Expte: 2024002464)



No BOPPO núm. 155, de 9 de agosto de 2024, publicáronse as subvencións concedidas dende o servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo – fluvial na provincia de Pontevedra, dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024 e cuxa convocatoria saíu publicada no BOPPO núm. 43 de 29/02/2024. O importe total é de 99.640,12 euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 24/332.3322.789.01, e que se repartiron entre catorce entidades que presentaron solicitude e cumpriron coas bases estipuladas.

7.- Dar conta da concesión de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024 (Expte. 2024002979)

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de xullo de 2024, acordou aprobar a concesión de subvencións dirixidas aos concellos da provincia para as actividades de dinamización da lingua galega para o ano 2024, relativas á convocatoria que saíu publicada no BOPPO núm. 82, de 26 de abril de 2024.

Recibíronse un total de trinta e seis solicitudes, resultando unha delas desestimada por repetición polo propio concello, polo que se admitiron as trinta e cinco restantes, as cales se relacionan e figuran con CSV: Z6VFHWNHLB76C6AF. O importe total foi de 150.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/334.3340.462.04.

8.- ROGOS E PREGUNTAS

A deputada María Ortega, do grupo do BNG, pregunta se os asuntos de Memoria Histórica se inclúen nesta comisión.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:30 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión, do que eu como secretaria dou fe.

